

METODOLOXÍA

O anuario 2019 incorpora unha selección dos datos máis relevantes dos barómetros do CIS ao longo dese ano. No apartado dedicado a «Percepcións sobre a situación económica e política» recóllense as preguntas comúns dos diferentes barómetros que tratan esta temática, tanto desde un punto de vista retrospectivo como prospectivo. No apartado denominado «Valoración do goberno e a oposición» poden revisarse as avaliacións que as persoas entrevistadas fan do goberno e da oposición nos barómetros de xaneiro, febreiro, xullo e setembro, onde se incluíron estas valoracións. Ademais, este capítulo contén a comparación das puntuacións na escala de valoración de líderes políticos nacionais, en distintos barómetros. O resto de apartados representa unha selección das preguntas de cada monográfico mensual. Para iso, buscou un equilibrio entre a relevancia de cada indicador e a cantidade de preguntas escollidas dese mes. Porén, en ocasións, a elección dalgunhas preguntas de batería precisou a dedicación dun maior espazo.

A presentación dos datos referidos a cada pregunta intenta manter unha estrutura similar dentro de cada capítulo. Así, os bloques dedicados a «Percepcións da situación económica e política» e «Valoración do goberno e a oposición» incorporan a evolución lonxitudinal anual destas opinións cun gráfico representativo das respostas, mensual ou trimestralmente.

Pola súa parte, os bloques temáticos mensuais mostran as frecuencias marxinais (ou medias, segundo o caso) para cada unha das preguntas seleccionadas, acompañadas tamén dun gráfico específico. Estes gráficos representan, na maioría dos casos, a porcentaxe de cada opción de resposta sobre un eixe de 0% a 100%. Porén, nalgunhas preguntas concretas, como a valoración media dos líderes políticos, esta representación axustouse a unha escala con límites inferior e superior, próximos aos datos para garantir a súa visibilidade (de 0 a 5), dada a proximidade destes valores.

Procedeuse a unha denominación representativa do contido das táboas incluídas, facendo referencia ao mes ou bloque temático ao que pertencen para facilitar a súa identificación. Así, por exemplo, a primeira táboa referida ao bloque «Percepcións sobre a situación económica e política» denomínase «Táboa SIT1»; a primeira táboa do bloque «Valoración do goberno e a Oposición» é identificada como «Táboa POL1»; a primeira táboa do barómetro do mes de febreiro denomínase «Táboa F1», e así sucesivamente para o resto de meses. Estas táboas transcriben literalmente a pregunta e categorías de resposta do cuestionario orixinal.

A continuación, facilítanse táboas de cruzamentos de variables cos indicadores sociodemográficos e políticos máis habituais ofrecidos polo CIS aos seus usuarios/as: sexo, idade, estado civil, educación, situación laboral, clase social, ideoloxía, recordo de voto, relixión e hábitat. Algunhas das variables foron recodificadas, ou transformadas, co obxectivo de facilitar a lectura e interpretación dos datos que, en termos xerais, son calculados para cada categoría dos indicadores mencionados. Nalgunhas táboas para facilitar a comparación, móstranse determinadas opcións de resposta e, xunto á porcentaxe, o número de persoas que responden (n).

As variables idade, estado civil e clase social manteñen as mesmas categorías que o CIS facilita para os diferentes estudos a través da súa páxina web. Porén, educación, situación laboral, ideoloxía, recordo de voto, relixión e hábitat recodificáronse de forma distinta para presentar unha táboa de resultados máis sintética.

A idade incorpora os seguintes intervalos: «Ata 24 anos», «De 25 a 34», «De 35 a 44», «De 45 a 54», «De 55 a 64» e «65 anos ou máis». Na variable ideoloxía mantivéronse os valores intermedios «5» e «6» sen agrupar, e agrupáronse o resto de valores: na esquerda, os valores «1-2», «3-4», e na dereita, os valores «7-8» e «9-10».

As táboas do capítulo sobre «Opinión pública e política fiscal» comprenden ademais a opción de resposta «Ningunha», incluída no barómetro de 2018. As categorías do tamaño de hábitat identificáronse da seguinte forma: os municipios menores de 10 000 habitantes, como «Pobo ou cidade pequena»; de 10 001 a 100 000 habitantes, como «cidade mediana»; de 100 001 a 1 000 000 de habitantes, como «Cidade grande», e máis de 1 000 000 de habitantes, como «Gran núcleo urbano».

Para a creación das variables educación, clase social e relixión, empregouse unha combinación de preguntas. No caso da educación, combínanse a pregunta de se foi ou non á escola, e a pregunta que mide o nivel dos estudos de máis alto nivel que se cursaron, para xerar as seguintes categorías: «Primaria ou menos», «F.P. inicial e educación secundaria», «FP de grao medio», «Bacharelato», «FP de grao superior», «Universidade». A variable relixión integra a definición en materia relixiosa coa frecuencia da práctica relixiosa, creando tres categorías: «Crente practicante» (comprende católicos e crentes doutra relixión que asisten a misa ou outros oficios relixiosos case todos os domingos e festivos e varias veces á semana), «Crente non practicante» (católicos e crentes doutra relixión que asisten algunha vez ao mes, varias veces ao ano, case nunca ou nunca a misa ou outros oficios relixiosos) y «Agnóstico/a, ateo/a, non crente».

Polo que respecta a recordo de voto, combínanse a pregunta de se foi votar ou non nas últimas eleccións, e a pregunta de a que partido votou, e téñense en conta, para cada mes, os partidos e agrupacións políticas presentadas na convocatoria electoral previa. Neste sentido, a referencia son os partidos presentados nas eleccións xerais de xuño de 2016 (para os barómetros de xaneiro e febreiro) e as eleccións de abril de 2019 (para maio e os seguintes barómetros). A variable xerada identifica aos partidos máis votados, e o resto agrúpase na categoría “Outros partidos”. Xunto aos partidos aparecen as categorías «Non tiña idade», «En branco», «Non votou», (que reúne las respuestas: fue a votar pero no pudo hacerlo, no fue a votar porque no pudo, prefirió no votar, y voto nulo), “No tenía derecho a voto”, «Non recorda» e «N.C.».

Pola súa parte, a variable clase social créase a partir das respostas das persoas entrevistadas a varias preguntas: cabeza de familia ou sustentador principal, situación laboral, ocupación, situación profesional e rama de actividade, seguindo a codificación da CNO 2011 e a CNAE 2009 para a ocupación e a actividade respectivamente. As cinco categorías desta variable son: «Clase alta/media-alta» (agrupa a profesionais e técnicos, directivos/as e cadros medios), «Novas clases medias» (asalariados/as non manuais), «Vellas clases medias» (empresarios/as, autónomos/as e agricultores/as), «Obreiros/as cualificados/as» (manuais cualificados, capataces e artesáns/ás), «Obreiros/as non cualificados» (obreiros/as da industria e os servizos, e xornaleiros/as do campo).

As categorías de resposta «Non sabe (N.S.)» e «Non contesta (N.C.)» das variables explicativas —de cruzamento— unicamente se presentan nas táboas naqueles casos nos que esta cifra ten sentido propio. Así, «N.S.» e «N.C.» mantivéronse ao presentar a ideoloxía política; «Non recorda» e «N.C.» no recordo de voto; e «N.C.» na variable relixión, pero nos demais casos (sexo,

idade, estado civil, educación, situación laboral e clase social) non se inclúen polo seu carácter residual.

Por outro lado, especificouse, no caso de que así fora recollido no deseño do cuestionario, se se trataba dunha «Resposta espontánea» proporcionada pola persoa entrevistada ao formularlle a pregunta e, noutras ocasións, se se trataba dalgunha categoría que o/a entrevistador/a tiña a instrución de non ofrecer como opción de resposta predeterminada, en cuxo caso aparece ao lado desa categoría «NON LER». Especificase tamén no caso da categoría «Non procede», xa que non representa unha resposta como tal, senón que o/a entrevistador/a clasifica aqueles casos onde, pola situación persoal da persoa entrevistada, non se aplica a pregunta.

O feito de que algunhas das categorías dos diferentes indicadores non estean moi presentes entre as respostas das persoas entrevistadas, unido a que a mostra total repártese entre os grupos xerados a partir da estratificación das variables de cruzamento, obriga a chamar a atención sobre as limitacións que impón á interpretación das porcentaxes. Por iso aparece, entre parénteses, o número de persoas (n) que responde por categoría ou no seu conxunto a esta pregunta.

A información que se proporciona respecto ás preguntas seleccionadas é, en ocasións, parcial, co fin de facilitar a lectura. Así, por exemplo, as opcións de resposta «Moito» e «Bastante», utilizadas nalgunhas preguntas de batería para capturar tanto unha frecuencia como un grado de acordo, foron agrupadas na opción «Moito + Bastante», descartándose o resto de opcións de resposta («Pouco» e «Nada»). Noutros casos, agrupáronse categorías de resposta cando o resultado se considerou relevante, ou co fin de resumir e facilitar a comparación, como é o caso, por exemplo, da pregunta sobre “Grao de apoio a medidas para fomentar o alugamento”, onde se agrupan dúas opcións de resposta («Moi a favor + A favor»).

Polo xeral, trátase de presentar o resultado máis significativo deste tipo de preguntas, de maneira que, en ocasións, incorpórase un só dato. É o caso do capítulo titulado «Opinión pública e política fiscal», que só mostra a categoría «Moi poucos» na pregunta relativa aos «Recursos destinados aos diferentes servizos públicos».

Por outro lado, no caso das escalas do 0 ao 10, cando non se trata de preguntas en batería, procedeuse á agrupación de categorías para facilitar a lectura: «0-2», «3-4», «5», «6-7» e «8-10». Ademais, algunhas táboas mostran resultados de dúas ou tres preguntas do mesmo cuestionario con contido complementario ou similar, agregadas nunha única táboa.

Ao longo do documento aparecen preguntas denominadas de resposta múltiple que representan, de maneira agregada, as respostas de cada unha das persoas entrevistadas a unha listaxe de opcións. Estas preguntas teñen a característica de que o (n) representa, a diferenza do resto de preguntas, a totalidade de respostas en lugar da totalidade de persoas que responderon. O/a entrevistador/a marca todas as respostas mencionadas pola persoa entrevistada, polo que a suma das porcentaxes de columna é superior a 100.

En anexo deste anuario poden encontrarse as fichas técnicas correspondentes a cada un dos barómetros que o conforman, as preguntas seleccionadas para cada barómetro, e a distribución de frecuencias e número de casos das variables explicativas.